

Los Lolos

Por que utilizas a performance como medio habitual de expresión?

—A acción e a performance é para Los Lolos o medio de expresión máis potente, xa que nos permite traballar os parámetros do tempo, o espazo e a presenza, creando situacións sen par.

Cales son as preocupacións fundamentais no teu traballo?

—O noso traballo ten que lle chegar á xente, de forma que se vexa involucrada nunha situación, que se sinta participe ou cómplice da acción. Ten que propor formas de vida e está pensado para un público activo que reconstrúa as mensaxes.

Dáme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o teu criterio— definan o que é arte para ti.

—Sincera, libre, tramposa, intuitiva, eficaz e renovadora.